



O convenio de colaboración como ferramenta de traballo

Durante os últimos 2 exercicios fomos constatando diversas características do noso traballo que xeraban dificultades: por unha parte, o limitado da nosa estrutura dificulta chegar a moitas partes do territorio, tanto para ser recoñecidos como para operar desde o punto de vista práctico. Igualmente, empezamos a ter limitacións para atender todas as solicitudes de crédito nos tempos oportunos. Ao tratarse de propostas de clientes que normalmente chegan por primeira vez, non temos ningún tipo de documentación nin historial previo da entidade. Se ademais lle engadimos que non temos oficina próxima en moitos casos ou que se traballa para clientela ou administracións que non teñen conta aberta con nós, todo se complica.

A crise tróuxonos os primeiros casos (non chegan á media ducia e en importe inferior ao 1% do crédito promovido por Fiare) de dificultades na devolución dos créditos. E non é casualidade, trátase de entidades que non pertencen a redes sociais. É dicir, hai unha dificultade previa de coñecemento dos problemas que poden vir, non hai interlocución fóra da propia entidade, que normalmente pre-



fire non dar a coñecer a situación con exactitude, ata que é demasiado tarde.

No caso de entidades que traballan conxuntamente, atopamos unha detección de necesidades comúns, o que permite aforrar moitos custos de análise; un tipo de operación repetida, moitas veces anticipar unha subvención resolta pola mesma administración pública, que permite reducir tempos de resposta e realizar un seguimento conxunto; unha rede de referencia como interlocutor común en caso de dificultades, que permite resolver pacificamente as situacións críticas.

Por todo o anterior, intentamos durante este ano asinar convenios de colaboración con diferentes redes de organizacións, na liña de poder chegar de forma agrupada a máis organizacións, poder formular solucións concretas ás

súas necesidades reais, aforrar custos de estudo, gañar en velocidade de resposta e reducir o risco de non pagamento. Por todo o anterior, ofrecemos condicións financeiras máis económicas, en coherencia co menor custo que a nós nos supón a operación.

Pero non se trata só dun acordo comercial. Fiare é un proxecto de agregación de persoas convencidas de que outras finanzas son necesarias para construír ese "outro mundo posible". E esa construción realízase en colaboración con outras redes de persoas e organizacións que comparten soños, esperanzas, loitas e dificultades. As cousas non van a cambiar soas, nin polo esforzo solitario dunha persoa ou organización. Necesitamos tecer relacións entre diferentes para acumular forzas que permitan ser realmente significativos, buscar sinerxias, non só no financeiro. E esperamos que esta liña de traballo permita acadalas. Esta liña de traballo concrétese nalgúns exemplos que vos presentamos a continuación.

COOP 57 (www.coop57.coop)

Unha das entidades coas que asinamos convenio é Coop57, unha cooperativa de servizos financeiros histórica que naceu en Cataluña e que hoxe opera noutras comunidades autónomas do Estado. Coop57 recolle capital social dos seus socios particulares ou institucionais e préstallelo a entidades e empresas da Economía Social que previamente apostaron por entrar como socias. As condicións nas que se realiza esta intermediación decídennas os propios socios, xa que Coop57 opera de forma totalmente autoxestionada. Hoxe Coop57 permítelles ás súas entidades socias unha alternativa real de financiamento de moita proximidade e unha xestión moi áxil.

Coop57 tamén fixo unha aposta moi decidida polo Proxecto FIARE e entrou como socio promotor e recolleu capital social para o proxecto.

Coa relación conxunta que mantivemos estes anos, puidemos comprobar que conxuntamente podemos responder case completamente ás necesidades das nosas empresas e organizacións sociais e cubrir cada unha o espazo ao que a outra non chega.

Este acordo é estratéxico ao tratarse dunha entidade de referencia no sector das finanzas sociais. E enmárcase na aposta de construír conxuntamente respostas financeiras complementarias que levamos adiante na libreta redes con Acció Solidària contra l'Atur, Fondo de Solidaridad de Granada, fondo de garantía de REAS Navarra ou o GAP.



REAS Euskadi (www.economiasolidaria.org/reaseuskadi)

REAS Euskadi (Rede de Economía Alternativa e Solidaria) naceu en 1997 e está formada actualmente por 47 entidades que, en 2009, contaron cuns ingresos totais de 68.284.717 € xeraron un total de 1.282 postos de traballo (o 63% son postos ocupados por mulleres) e contan con máis de 2.800 persoas voluntarias.



A misión de REAS Euskadi é desenvolver a economía solidaria, entendida esta como unha visión e unha práctica que reivindica a economía nas súas diferentes facetas (producción, financiamento, comercio e consumo) como medio –e non como fin– ao servizo do desenvolvemento persoal e comunitario. Deste xeito, preséntase coma unha achega á construción de alternativas ao modelo económico imperante e é un instrumento de transformación social que fomenta un desenvolvemento xusto, sostible e participativo.

REAS Euskadi persegue conseguir o maior fortalecemento e recoñecemento posible da economía solidaria e das empresas solidarias en Euskadi, potenciando o impulso de experiencias e instrumentos que xeren alternativas transformadoras na esfera económica. Defínense no ámbito da Economía Solidaria todas aquelas iniciativas asociativas, empresariais, económicas e financeiras comprometidas cos seis principios da Carta da Economía Solidaria: (1) igualdade, (2) emprego, (3) medio ambiente, (4) cooperación, (5) sen carácter lucrativo e (6) compromiso coa redonda.

Neste ámbito inclúense empresas, asociacións e fundacións que realizan actividades económicas con finalidade social, iniciativas que promoven o comercio xusto, solidario e/ou ecolóxico, entidades promotoras de novas empresas solidarias, iniciativas de finanzas solidarias e banca ética, etc. A finalidade de REAS é, precisamente, potenciar, apoiar e coordinar no País Vasco estas iniciativas.

Caritas (www.caritas.es)

É a confederación oficial das entidades de acción caritativa e social da Igrexa Católica. Entre os seus obxectivos fundacionais destacan a axuda á promoción humana e ao desenvolvemento integral da dignidade de todas as persoas que se achan en situación de precariedade. Na súa traxectoria, Cáritas asume un tripo compromiso na súa acción social: informar, denunciar e sensibilizar a opinión pública sobre as situacións de pobreza e vulnerabilidade, das súas causas, consecuencias e a posibilidade de participación na súa mudanza.

A rede de Cáritas está constituída por unhas 5.000 Cáritas Parroquiais, 68 Cáritas Diocesanas e as súas correspondentes Cáritas Autonómicas. Cáritas desenvolve un importante labor de apoio e promoción social a diversos grupos sociais en situación de precariedade e/ou exclusión social. O compromiso con estas situacións é apoiado polo traballo gratuito de máis de 65.000 persoas voluntarias, que representan o 90 por cento dos recursos humanos da institución. A acción desenvolvida para a erradicación da pobreza ten tamén unha ampla dimensión internacional que funciona a través de 154 Cáritas nacionais, con presenza en 198 países e territorios, integradas en Cáritas Internacional. O labor social que desenvolve Cáritas é moi ampla e está moi diversificado. Non só desenvolve actividades dirixidas á asistencia, á rehabilitación ou á inserción social das vítimas da pobreza e da exclusión social, senón que fai especial énfase na promoción e na denuncia das causas das inxustizas que xeran estas situacións. As súas accións abranguen tamén todos os grupos sociais afectados pola desigualdade e a inxustiza, tanto en España como nos países do Sur. Cáritas leva a cabo esta ampla tarefa de loita contra a pobreza e a exclusión grazas a unha ampla infraestrutura estatal e internacional, e ás achegas de miles de donantes anónimos que colaboran de forma desinteresada cos seus fins humanitarios.



FEVECTA (www.fevecta.coop)



A Federación Valenciana de Empresas Cooperativas de Traballo Asociado, FEVECTA, é a organización empresarial

representativa do cooperativismo de traballo asociado na Comunidade Valenciana, agrupa máis de 600 cooperativas e basea as súas actuacións arredor de tres grandes piares: defensa dos intereses das cooperativas, promoción e fomento do cooperativismo e servizos ás empresas asociadas.

As cooperativas asociadas a FEVECTA fabrican desde produtos destinados ao gran consumo ata compoñentes de alta tecnoloxía, constrúen edificios e atenden reparacións, dedícanse ó ensino, aos servizos de proximidade, á animación sociocultural, ao comercio, á hostelería, ao turismo, ao desenvolvemento rural, ás artes gráficas, ao deseño, ao asesoramento e consultoría, á xestión da documentación e á introdución de novas tecnoloxías da información.

O pasado 01/12/10 FEVECTA e Fiare – Banca Popolare Ética formalizaron un acordo de colaboración para pór a disposición das cooperativas valencianas novas posibilidades de aforro e financiamento, para facer fronte ás necesidades financeiras das cooperativas. Fiare, a través deste acordo, reforza a súa aposta polo sector do cooperativismo e da Economía Social. Xa hai cooperativas, como SERCOVAL, traballando con Fiare - Banca Ética que se mostran moi satisfeitas polas condicións e con poder decidir o destino dos seus fondos.

Así mesmo, dentro do mundo cooperativo valenciano, a cooperativa de crédito valenciana Caixa Popular colabora coa Xarxa Valenciana Fiare na captación de capital social para Fiare.

Gizatea (www.gizatea.net)



Gizatea é unha palabra que combina os termos giza (humano), gizartea (sociedade) e atea (porta). Con ela queren expresar a función que cumpren as empresas de inserción como unha das posibles portas de entrada á participación e integración social, a través dun proceso de inserción socio-laboral, onde a propia persoa é a protagonista.

As empresas de inserción posibilitan o acceso ao emprego normalizado de colectivos en situación de desvantaxe social ou exclusión, tras un período de acompañamento e a través do desempeño dun posto de traballo nunha estrutura mercantil de produción de bens ou servizos de carácter non lucrativo. É ese o seu valor engadido, ademais de ofrecer servizos de calidade cos recursos humanos e técnicos necesarios; fomentar a comercialización de seus bens e servizos, ampliando as súas oportunidades de mercado, tanto público como privado é contribuír á estensión de criterios de responsabilidade social na nosa sociedade.

Gizatea, Asociación de Empresas de Inserción do País Vasco, naceu en novembro de 2007, co obxectivo de fomentar a cooperación entre as empresas, contribuír á mellora e ao fortalecemento do sector, así como promocionar a súa interlocución ante as institucións públicas e ante a sociedade. Actualmente agrupa 41 empresas de inserción e, en 2009, o seu cadro de persoal total foi de 606 empregos, 379 para persoas traballadoras con convenios de inserción (o 62,3% mulleres) e uns ingresos totais de 23.594.489 €.